



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR, PROMOCIÓN DO TERRITORIO E TURISMO

Anuncio

CONCESIÓN DOS PREMIOS “LUGO CAMBIA AO TURISMO LUCENSE” E “...E PARA COMER, LUGO Á GASTRONOMÍA LUCENSE” PARA A ANUALIDADE 2020

Con data 18 de setembro de 2020, a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a concesión dos premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense” e “...E para comer, Lugo á gastronomía lucense” para a anualidade 2020. Para dar cumprimento a dito acordo, publícase a lista de galardoados no Boletín Oficial da Provincia.

- Premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense”:

- o Concello do Vicedo.
- o Asociación de desenvolvemento rural Serra do Caurel.
- o Fundación Uxío Novoneyra.

- Premios “...E para comer, Lugo á gastronomía lucense”:

- o Alberto García Oliveiro (aplicación e web Xantarda, onde queres ir comer hoxe?)
- o Adrelo S.L. (restaurante Cantábrico da Fonsagrada).

En Lugo, a 18 de setembro de 2020.- O Presidente, José Tomé Roca.- A Secretaria Xeral, M^a Esther Álvarez Martínez.

R. 2181

CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de 17 de setembro de 2020, apróbase a Convocatoria e as Bases Específicas para a selección de persoal temporal dun/dunha “**Arquitecto/a técnico**” (PROGRAMA: FOMENTO DE EMPREGO 2020 - PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2020) e creación dunha listaxe de emprego temporal **CONVOCATORIA**

O obxecto desta convocatoria é proceder á provisión, con carácter provisional, do seguinte emprego no Concello de Alfoz.

Denominación e características obxecto da convocatoria do emprego de “Arquitecto técnico”:

- **Nº empregos:** 1.
- **Denominación:** Arquitecto Técnico - Programa Fomento de Emprego 2020
- **Réxime Xurídico:** Funcionario interino (art. 10.1.c/ EBEP).
- **Clasificación:** Grupo A - Subgrupo A2.
- **Duración vínculo de servizo:** 11 meses desde a formalización do contrato e cun límite temporal do 30/09/2021.
- **Duración xornada:** Xornada a tempo completo (100%)

Listaxe de emprego temporal para a praza de “Arquitecto técnico”